

# CANDO CAMBIAMOS DE AVÓS. A ROMERÍA VIKINGA NAS TORRES DE OESTE (CATOIRA) COMO REPRESENTACIÓN DO PASADO

WHEN WE CHANGE GRANDPARENTS.  
THE VIKING FESTIVAL IN TORRES DE OESTE (CATOIRA) AS A REPRESENTATION OF THE PAST

Manuel Gago Mariño  
Consello da Cultura Galega  
Universidade de Santiago de Compostela  
ORCID: 0000-0002-5902-6569

**Resumo:** Este artigo analiza a evolución e o impacto cultural da Romaría Viquinga de Catoira, unha das manifestacións festivas máis senlleiras de Galicia. A través dunha perspectiva diacrónica, explórase a transformación do suxeito viquingo na narrativa histórica galega: desde a ameaza pagá das crónicas eclesiásticas medievais e modernas ata a súa conversión nun símbolo de prestixio atlántico na cultura contemporánea. Analízase o papel fundamental do Ateneo do Ullán na década de 1960 e como o contexto do turismo no franquismo facilitou a creación dunha performance colectiva influenciada pola cultura pop global. O texto propón que o fenómeno viquingo en Catoira non é só unha recreación histórica, senón un proceso de negociación identitaria onde o viquingo emerxe como un novo devanceiro que complementa ou substitúe o mito celta, conectando Galicia coa modernidade e o prestixio das culturas do norte de Europa.

**Abstract:** This article analyses the evolution and cultural impact of the Viking Pilgrimage in Catoira, one of Galicia's most distinctive festivals. From a diachronic perspective, it explores the transformation of the Viking subject in Galician historical narratives: from the pagan threat described in medieval and modern ecclesiastical chronicles to its conversion into a symbol of Atlantic prestige in contemporary culture. The

fundamental role of the Ateneo do Ullán [Ullán Cultural Centre] in the 1960s is analysed, as well as how the context of tourism during the Franco regime facilitated the creation of a collective performance influenced by global pop culture. The text proposes that the Viking phenomenon in Catoira is not merely a historical re-enactment but a process of identity negotiation where the Viking emerges as a new ancestor that complements or replaces the Celtic myth, connecting Galicia with the modernity and prestige of Northern European cultures.

**Palabras chave:** viquingos, Catoira, identidade, cultura popular, historiografía, recreación histórica.

**Key words:** Vikings, Catoira, identity, popular culture, historiography, historical re-enactment.

## 1. INTRODUCCIÓN

Situémonos na primeira semana de agosto nas Torres de Oeste (Catoira), na ribeira do río Ulla, nese tramo no que a auga salgada da ría de Arousa e a auga doce que chega do centro de Galicia conflúen. Varios barcos viquingos reconstruídos, cheos de figurantes, achéganse ameazantes ao público que observa divertido o desembarco. Hai moitos veciños pero tamén numerosos visitantes, xa que a festa é un dos eventos máis destacados do calendario festivo galego do verán. Desde mediados dos anos 60 véñse repetindo a mesma representación: os barcos soben polo río, os viquingos berran con espadas, machados e escudos en alto e desembarcan aos pés deste destacado enclave defensivo medieval da costa galega.

Pero ninguén defende desde a ribeira estas torres nin a comarca que protexen. Non hai soldados, non se escenifica unha mínima defensa. Nin sequera se aproveita que, nas crónicas medievais, os ataques viquingos documentados adoitan rematar coa vitoria galega e a expulsión dos invasores. Eses viquingos, veciños de Catoira, saltan da borda, departen amigablemente cos visitantes, protagonizan espectaculares fotos nas que aparecen ategándose de viño, abrázanse como camaradas, locen a estética viquinga de moda no momento, escenifican o que se entende como pirata exaltado e bébedo da súa vitoria; cada un deles representa como actor parte da *performance* dunha identidade colectiva exitosa que se difunde desde hai décadas en guías turísticas, documentais e hoxe en redes sociais

e cibermedios. A Romaría Viquinga pasou a formar parte da imaxe da Galicia contemporánea.

Por iso esta pregunta gana aínda máis sentido: por que non aparecen na Romaría os galegos defendéndose? Non é que moitas festas de recreación histórica celebran vitorias, batallas de dous bandos, o triunfo da veciñanza organizadora do evento? Téñense abordado as festas de recreación histórica como un campo de negociación das identidades colectivas e de construción da alteridade (Alonso e González 2013; González-Álvarez, Alonso González e Rodríguez-Hernández 2022), pero tamén de consolidación de identidades colectivas e nacionais, aspectos nos que a Romaría viquinga de Catoira xogou un papel moi importante na Galicia dos anos 80 e 90, marcando a imaxe turística do país pero influíndo tamén na propia percepción e representación do pasado polos galegos. Mais sorprendentemente, é un pasado no que os galegos contemporáneos aos ataques viquingos non parecen estar presentes nese centro performático que é o desembarco, aínda que si, nos últimos anos, en eventos colaterais. Ou é que están presentes doutro xeito? Parafraseando o realizador alemán Rüdiger Suchsland, que sabe a Romaría Viquinga sobre nós que nós non sabemos?

## 2. UN ENCLAVE SINGULAR

A Romaría Viquinga non se escenifica nun lugar calquera. A diferenza doutras festas de recreación histórica do país de grande arraigo e sona, como a Festa da Isteria de Ribadavia, o Arde Lucus ou a Reconquista de Vigo, o escenario non é urbano, senón un enclave histórico, arqueolóxico e monumental localizado no extrarradio do concello pontevedrés de Catoira. Cando naceu a festa, as Torres de Oeste atopábanse nun espazo marxinal en relación á vida cotiá do concello, máis basculado arredor da estrada xeral Pontevedra-Santiago de Compostela e ao centro do val. Para ir ás Torres de Oeste cumpría facelo *ex profeso*, ao igual que as ermidas de romarías populares se atopan en espazos excéntricos, no alto de montes, en castros ou no fondo dos vales dos ríos, e só se acode a elas nos contados días de festa do santo e de devoción. A ribeira do Ulla por entón era máis ben un espazo industrial, con areiras e fábricas que rodeaban o recinto arqueolóxico tanto en fronte coma río abaixo.

A construción da ponte de Catoira en 1981, que interveu de xeito moi agresivo sobre o propio recinto fortificado, transformou esta percepción inicial, convertendo este espazo nun nodo de comunicacións entre as comarcas do Ullán, O Barbanza, O Salnés, Compostela e Caldas. O recente engadido

dunha nova ponte do tren uns centros de metros máis abaixo incide na relevancia estratéxica deste tramo do Ulla. Paradoxalmente, a modernidade restaurou a centralidade que xustificou historicamente o emprazamento deste sitio arqueolóxico e fortificación.

As diferentes campañas arqueolóxicas levadas a cabo nas Torres de Oeste desde a década de 1950 ata 2011 permiten obter un modelo bastante claro da secuencia cronolóxica do lugar. A primeira ocupación situaríase na Idade do Ferro, onde existiría un pequeno poboado que funcionaría como espazo de intercambio cos comerciantes mediterráneos e que adquire máis relevancia como nodo comercial arredor do cambio de era, xa en época romana. Esta pequena illa na ribeira do Ulla funcionaría como espazo pesqueiro e comercial ata os séculos V-VI, momento no que é aparentemente abandonada (Naveiro 2004). Nestas cronoloxías, o xacemento das Torres ten interesantes paralelos con outra illa fluvial moi similar situada río arriba, tamén na ribeira sur: o Mercado dos Mouros, en Valga, cunha ocupación entre os séculos IV a. C. a IV d. C. e na que ao igual que nas Torres de Oeste, aparece moita cerámica de importación mediterránea (Fernández Abella 2014).

A reocupación do xacemento como infraestrutura militar sucede arredor dos séculos IX-X, cando a monarquía ovetense vai tomando control sobre o occidente galego. Consérvase unha peza relevante deste período, un baixo-relevo coa cruz patada símbolo da monarquía datada hipoteticamente nos tempos de Afonso III (866-910). Hoxe atópase no Museo de Pontevedra. Por entón as torres eran un castelo de reguengo que en 1024 foi cedido ao bispado de Iria e desde entón estaría en posesión da mitra compostelá (Piay 2024). A *Historia compostelana* aclara o sentido defensivo da fortaleza como defensora de ataques marítimos no século XII, e defínea como a “chave e selo de Galicia”. Que na crónica compostelá se resalte o seu mal estado e ao mesmo tempo a urxencia da súa reconstrución dá conta de que os bispos desta diocese aínda contemplaban ataques marítimos de relevancia, tanto musulmáns coma do norte de Europa, a esas alturas do século XII,<sup>1</sup> tras os episodios críticos dos ataques viquingos e das razzias marítimas e terrestres musulmáns. Pero o argumento tamén podería valer para fortalecer un enclave que serviu para o control de acceso ao principal porto comercial e pesqueiro compostelán ao longo de toda a Idade Media, Pontecesures e

1 “Certamente temían os hispanos que os pobos ingleses ou os normandos ou outros pobos bárbaros atacasen por esta parte Galicia por mar, pois Oeste é como a chave e selo de Galicia. Porque, se pobos estranxeiros se apoderasen deste lugar, desde alí mesmo, aprestada a fortificación, terían ao seu alcance atacar Galicia e devastala.” (*Historia compostelana* XXIII).

Padrón, e que funcionou como portádego e centro de recadación de impostos ata o seu derrubo polos Irmandiños.

No século XVI conservábase unha certa narrativa culta da fortaleza como bastión fronte as invasións marítimas, como se amosa nas preguntas dos letrados do preito Tabera-Fonseca, aínda que a memoria popular engadía xa unha interesante reelaboración mítica que parece recoñecer a relación de parentesco entre a sé compostelá e a fortificación, como o que declara o escudeiro Lope del Villar, do Carril:

le oiera dezir a su madre e a otros [...] aque los dichos castillos do Este fueran fechos por misterio e que los que benian en romería a Santiago benian tambien a los dichos castillos del Este en romeria. (Rodríguez González 1984, p. 227)

Debido á súa relevancia histórica, as Torres de Oeste sempre estiveron presentes en certo discurso culto que no século XIX se foi paulatinamente reelaborando. Así e todo, carecemos de evidencias nas recompilacións folclóricas de que na memoria popular da terra catoirá e ullá se conservase unha lembranza clara do papel deste castelo na defensa contra invasores viquingos ou musulmáns. Non quere dicir que non existise, pero desde logo non foi recollida, malia o interese dos folcloristas galegos do século XIX en atoparen romances ou pezas lendarias populares que transmitisen acontecementos históricos de relevancia para a historia galega. E sabemos que existiría un grande interese, toda vez que a estas memorias históricas populares se lles asignaba unha relevancia case de orgullo nacional (Rodríguez 2025).

Todo parece indicar, xa que logo, que os fundadores da Romaría Viquinga partían desde cero no ámbito da memoria popular. Ningún dos promotores das Torres de Oeste nos deixou por escrito esas memorias populares. A narrativa das invasións viquingas que deu tanta sona a este espazo na modernidade viña doutro lugar. E era un lugar moi antigo.

### 3. O DISCURSO HISTORIOGRÁFICO SOBRE OS VIQUINGOS

É por iso que é especialmente relevante comprender o discurso historiográfico arredor dos viquingos e en que medida este relato foi evolucionando coa propia sociedade galega e o seu contorno histórico.

As fontes contemporáneas das que dispomos para coñecer as diferentes incursións viquingas en Galicia son moi limitadas (García Losquiño 2023; Ollero de Landáburu 2016, p. 287; Sánchez Pardo 2010, p. 58) e parcas en

información. Unha división posible podería ser a partir da súa procedencia: cristiás, nórdicas e musulmás. Dentro das cristiás tería sentido tamén comprendelas en función da súa orixe e contexto de produción: a cronística real, como a *Crónica rotense* ou a *Albedense*, a cronística relixiosa como a *Historia compostelá*, ou mesmo a documentación legal e diplomática, como é o caso da documentación de tombos como o de Celanova ou o de San Martiño de Xuvia. Cada unha delas adoita ter enfoques parcialmente distintos arredor das incursións viquingas, mediados polos intereses de cada grupo; vistas en conxunto, achégannos hoxe unha visión moito máis plural e diversa da que se contaba a mediados do século xx.

As crónicas reais cristiás ou as crónicas musulmás céntranse na mobilidade dos continxentes e nos liderados nos combates da banda cristiá, como na vitoria de Ramiro no *Farum Breccantium* (Ollero de Landáburu 2016, p. 282), ou mesmo nas tentativas viquingas por estableceren relacións diplomáticas cos gobernantes galegos (Allen 1960, p. 25). A cronística relixiosa atende sobre todo ao impacto dos ataques sobre os edificios relixiosos, así como ao comportamento dos líderes espirituais. É bo exemplo a narración da morte do bispo Sisnando da man dos viquingos na *Historia compostelá* (1994, p. 245) ou o liderado dos bispos Rosendo e Pedro de Mezonzo na defensa e reconstrución do territorio tras o desastre das incursións. Ademais, a documentación legal permítenos ver como afectou a presenza viquinga ás vidas das persoas do común —con referencias a secuestros—, ás propiedades —con ocupacións—, ou mesmo de xeito directo a participación dos propios viquingos nas loitas internas do reino como mercenarios (Pires 2012, pp. 187 e 190; García Losquiño 2022). As sagas nórdicas, por outra banda, son parcas e pouco precisas nos detalles xeográficos pero engaden historias con enfoques distintos, de carácter máis narrativo, nos que podemos achegarnos á interacción, e mesmo cooperación, dos nórdicos coa poboación galega (Izquierdo 2009). Estes relatos, destinados á narración da vida de destacados líderes viquingos, son escasos nos detalles de localización, pero conforman un conxunto de certa relevancia que permite contrastar interaccións máis complexas e mutuamente interesadas entre os viquingos e os seus inmediatos sucesores —os cruzados normandos—, que as que nos contan as fontes eclesiásticas. Unha ollada ampla ás fontes documentais permite albiscar —malia a súa brevidade— certa diversidade de actores, clases sociais, escenarios territoriais, acontecementos e accións vinculadas á presenza viquinga na costa galega. Porén, o acceso a estes materiais por parte dos investigadores galegos foi moi limitado ata a década de 1980.

Secasí, o resultado na historiografía sobre os viquingos elaborada con posterioridade á Idade Media, sobre todo na Idade Moderna, ofrece enfoques limitados ás fontes áulicas ou eclesiásticas que dan conta dos feitos. Os ‘normandos’ —esa será a denominación que prevaleza fronte aos *leodomanos* ou *lordomanos* da documentación medieval— van ter unha presenza continua en boa parte destas crónicas, que en gran medida están concibidas cunha orientación apoloxética, en defensa do reino de Galicia e da súa primacía no ámbito da Coroa española a través do seu culto católico primixenio (Viveiro 2009). O papel da relixión —coa conversión dos suevos e, sobre todo, coas reliquias do apóstolo Santiago— vai ser troncal na construción da identidade do reino destes autores. E é neste contexto onde os enfrontamentos cos viquingos e o relato das adversidades sufridas pola Igrexa e os seus membros non van ser esquecidos. Os bispos e cregos son aquí construídos como líderes do territorio en tempos de tribulación. Auténticos reconstrutores do reino tras un período de devastación, no que as vitorias galegas, bastante frecuentes, son escasamente referidas.

Aínda que no ámbito dos reinos de Galicia e León se deron algunhas interpretacións teolóxicas —algunhas en textos áulicos— dos ataques viquingos paralelas ás que se escribían no ámbito británico ou francés, vinculando as razzias ás malas prácticas cristiás e de abundancia de pecados (Curto 2018, p. 277), chama a atención que as elaboracións historiográficas que inclúen explicacións providenciais parezan ser posteriores aos feitos. Cobra un especial interese a interpretación teolóxica que o cóengo de Iria Rui Vasques ofrece na *Crónica de Santa María de Iria* nunha data xa tardía (1467-1468) sobre os ataques:

Porlo pecado que contra [o bispo Ataúlfo] fezeron, vieron cen nabes armadas de normanos a Galiza, et guerrearon por tres anos et destrouiron a terra por aquel pecado que fezeron contra o santo obispo Atheulfo; en tal guisa que matavan et captivavan homes, et molleres et os moços pequenos. (Souto Cabo 2001, p. 61)

A crise de Ataúlfo II non foi un asunto menor: o bispo fora acusado e sometido a xuízo polo rei por unha acusación de sodomía. Tras superar un xuízo de Deus, o bispo retirouse en Asturias abandonando o bispado (López Ferreiro 1899, p. 155). Hai que ter en conta que Ataúlfo é un actor de primeira orde no reino, que acadou o traslado da sé episcopal de Iria a Compostela co argumento da desprotección de Iria fronte aos ataques marítimos, e incrementou o poder e influencia institucional da sé. Como

vemos, os viquingos son empregados polos historiadores eclesiásticos como axentes en negativo que permiten destacar o papel da Igrexa na ordenación do reino. Con posterioridade, estas narrativas da Idade Moderna sobre os viquingos vémolos na *España Sagrada* (1747) do padre Yepes, tamén nas *Armas y Triunfos del reino de Galicia* (1662) do padre Gándara ou nos *Anales del Reino de Galicia* (1733) do padre Huerta, entre outros moitos títulos.

Figuras como Rosendo de Celanova, Pedro de Mezonzo ou Cresconio son definidos como auténticos refundadores das súas dioceses tras as catástrofes dos ataques. A construción do liderado é especialmente visible no caso de Rosendo, de quen na biografía escrita por Ordoño de Celanova no século XI se afirma que asumiu funcións rexias durante as vagas de ataques, recalcando que el tamén nacera de ‘estirpe real’, para encabezar os exércitos que expulsaron os viquingos de Galicia e o norte de Portugal. O texto de Ordoño, do século XII, é un exemplo desta narrativa de construción do liderado eclesiástico en momentos críticos, aínda que os seus editores e outros investigadores consideran este liderado militar unha ficción (Curto 2018, p. 289; Ordoño de Celanova 1990) que, malia iso, foi moi produtiva na historiografía posterior. O episodio é relevante na memoria do santo: o grande escudo da abadía de Celanova incorpora unha notoria espada en referencia ao episodio mítico.

Tamén é sintomática a consideración dos diferentes bispos tudenses afectados polo ataque á sede de 1016. Tanto o bispo Afonso I, preso polos viquingos e desaparecido das fontes a partir dese momento, coma Vímara e Viliúlfo, dous dos prelados retirados ao mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil durante o período no que a sé foi abandonada ante a ameaza pirata, adquiriron o título de santos. Así é cando menos na tradición local promovida desde a catedral tudense e así figurarán incorporados no cadeirado barroco da catedral de Tui en tempos do bispo Anselmo Gómez de la Torre (1689-1720).

Con todo, a elaboración máis complexa arredor do liderado episcopal fronte os viquingos corresponde á historia do bispo Gonzalo de Mondoñedo, titular da sede de San Martiño de Mondoñedo (Foz). A lenda narra como o bispo, con axuda dos seus acólitos, conseguiu afundir unha armada atacante situada diante das costas de Foz grazas aos seus rezos. Trátase dun relato complexo con múltiples caras: as tradicións orais, abundancia de textos eruditos do Antigo Réxime, monumentalidade (unha capela, a tumba do bispo, pinturas murais, a fonte santa) e ritualidade (procesións ou poderes curativos do sartego). A narrativa é sintomática dun proceso de construción do inimigo viquingo: as dúbidas entre os eruditos do Antigo Réxime

arredor da adscrición étnica da armada, que é ambigua nos textos medievais (normanda ou sarracena), resolvéronse cara aos nórdicos a partir da historiografía do século XIX (Fernández Pacios 2008), en consonancia con outros procesos de construción do pasado da identidade nacional galega do século que lles concedían máis relevancia aos contactos atlánticos sobre os peninsulares ou os da Hispania musulmá.

Na Idade Moderna, a propia fidalguía incorpórase a esta narrativa. Nos cronicóns e nas historias nobiliarias búscase a ascendencia da casa nas grandes figuras míticas do pasado, como Lupa, o apóstolo Santiago, os reis suevos, diferentes figuras mitolóxicas da Antigüidade clásica, os gregos que se asentaron no país segundo as fontes clásicas ou figuras guerreiras de primeira orde (Elías de Tejada e Pércopo 1966, p. 157; Rey Castelao 2016). A narrativa nobiliaria sobre os viquingos créase a partir das mesmas fontes medievais que consultan os historiadores eclesiásticos do Barroco, aínda que a diferenza destes, acentúan os valores bélicos e o liderado militar na defensa do reino, cos cabaleiros loitando por encargo do monarca. Un exemplo témolo na casa dos Pardiñas, orixinaria do occidente coruñés, quen consideraban o seu solar fortificado da parroquia de Santa María de Razo (Arteixo) como o “antemural ás furiosas augas do Océano” no que o antecesor Fernando de Pardiñas se enfrontou a sarracenos e normandos, en palabras de Antonio Riobóo y Seixas (1728). Polo seu grande interese, a máis significativa e elaborada narración é un interesante manuscrito xenealóxico de 1720 de título *De la nobleza de la casa de Camba y sus principios, y fundación del castillo de Castrocandaz (...)*,<sup>2</sup> no que se identifica como solar das casas fidalgas dos Camba e dos Taboada unha fortaleza que aproveita un meandro do río Miño chamada Castro Candaz, preto de Taboada. O relato dá conta de que os viquingos entrarían na terra de Chantada na primeira invasión do 844 e arrasaría a propia fortaleza desta vila. Os cabaleiros da comarca refuxiáronse no angosto castelo de Castro Candaz baixo o liderado dos irmáns Olmundo e Erxica de Eriz, e resistirían ata a chegada do rei Ramiro, quen derrotaría os viquingos na batalla de Campo Ramiro, a parroquia chantadina que desde entón conserva no seu nome a vitoria daquel día. Castro Candaz e a loita dos dous irmáns converteríase no feito glorioso que alumearía os inicios das familias nobiliarias da comarca chantadina. O relato de Olmundo e Erxica de Eriz é atípico: polo xeral as narrativas episcopais galegas sobre os viquingos destacan o papel pasivo

2 O manuscrito consérvase na Biblioteca Nacional de España coa sinatura MSS/11642 (H.64R.-94R).

dos galegos, que sofren os ataques, que non se enfrontan a eles, que carecen de heroes distintivos e narracións que os illustren.

Na Galicia da segunda metade do século XIX, como noutros países europeos, construíronse novos relatos históricos baseados en premisas modernas. En contraste cos vellos relatos de raíz cristiá que procuraban encaixar o reino de Galicia dentro da coroa española, as novas historias de carácter liberal e baseadas en premisas científicas desenvolveron unha orixe histórica da nación política, autocentrada e en moitos casos definida en oposición a Castela. Neste marco, os viquingos aparecen nesas narracións do pasado cun papel secundario, pero desenvolven unha función no relato xeral como axentes que confirman, coas súas sucesivas derrotas, a vontade resistente do pobo galego fronte aos invasores.

[Galicia] conoció al hombre lacustre y al de las alturas, vió arribar al celta de ojos claros e impetuoso y rápido movimiento, a los semitas, a los romanos, a los hérulos, los árabes, los normandos. Cuando el extranjero visita en son de guerra nuestras costas, siempre se detiene al pie de sus muros. (Murguía 1888, p. 246)

Cómpre sinalar que as fontes ás que tiñan acceso os historiadores da época eran esencialmente os textos de produción eclesiástica de séculos anteriores. Os relatos das sagas escandinavas, da cronística europea ou musulmá, así como os coloristas datos da relación entre os viquingos e individuos particulares figuraban aínda dispersos e perdidos nos tombos monásticos e na documentación privada. Aínda así, a óptica da nova historia reclamaba un papel máis activo dos galegos. Non é casual que pertenza a esta época o único gravado do século XIX no que se recrea a vitoria galega sobre os normandos (fig. 1), se ben a imaxe non se produce nun contexto galego. Ata hai moi poucos anos non se volvería a producir unha ilustración semellante asociada a unha vitoria galega contra os viquingos, e esta será nos cómics, e nin sequera tan contundente coma esta.

Como se pode observar, os galegos loitan a pé de praia, ante uns viquingos que foxen nas súas lendarias naves. A imaxe establece un intrigante contraste coas numerosas fotos que podemos atopar do desembarco de Catoira en Internet. Non hai ningunha equivalente.



Fig 1. 'Los normandos son destrozados en las costas de Galicia'  
(Gebhardt 1861, t. III, p. [72-73]).

Os historiadores do século XIX como Murguía ou Vicetto non admiten os viquingos como parte do substrato céltico que conforma a base da identidade nacional. Xogan outro papel: o do elemento de cohesión á inversa. Os escasos textos do Rexurdimento que se deteñen nos viquingos abundan nesa idea da vitoria e do orgullo por deter os ataques nórdicos. Quizais o exemplo máis descoñecido e tamén inagardado sexa o de Eduardo Pondal. Pondal, responsable do celtismo poético máis requintado da nosa literatura, escribiu un documentado poema épico arredor dos ataques viquingos a Galicia. O poema, posto na boca dun guerreiro viquingo, é unha apelación á fuxida das costas galegas en canto aparezan no horizonte. Os viquingos están temerosos de sufrir derrotas coma no pasado.

Pilotos..., virade o rumbo,  
virádeo ben ao ponente...,  
nesa terra temerosa  
ha caído para sempre  
Haimar, Olaf, Sterkoder,  
Harald, Harold o valente...

[...]  
Fuxamos de Breogán,  
fuxamos á terra verde!  
(Ferreiro 2017, p. 391)<sup>3</sup>

O poema concorda co papel activo dos galegos na defensa do país sostiúdo polo seu amigo, o historiador Manuel Murguía, pero nun contexto ambiguo ao describir os viquingos como “vencedores e vencidos” (Murguía 1865, p. 212). Difícil construír unha épica se non hai unha estrutura binaria. Esa construción si existiu, por exemplo, no caso das narracións historiográficas do enfrontamento dos celtas contra os romanos, aínda que paradoxalmente se conservasen fontes históricas máis ambiguas ao respecto.

#### 4. A ROMARÍA VIQUINGA E UNHA NOVA (VELLA) LECTURA DOS VIQUINGOS

A Romaría Viquinga de Catoira é a máis lonxeva festa de recreación histórica do país e tamén unha das máis exitosas. Naceu en 1961 e en 2002 adquiriu a máxima distinción oficial da súa relevancia: a designación como Festa Turística de Interese Internacional. A afluencia de público e o volume de actividades programadas non deixaron de medrar desde entón. Esta dilatada secuencia temporal e as propias transformacións de Galicia neste longo período de máis de sesenta anos converten a Romaría Viquinga nun privilexiado escenario para observar cambios de interese na cultura e identidade galegas. O antropólogo Manuel Vilar (2008) dividiu a traxectoria da Romaría Viquinga en tres grandes fases: o nacemento (1961-1964), a consolidación (1965-1990) e a institucionalización (1990-actualidade). Nos grandes trazos, estas fases coinciden tamén coa propia percepción histórica dos veciños en relación á evolución da festa. Iremos debullando a estrutura da festa arredor destas tres fases.

---

3 Agradezo a Miguel Anxo Seixas, quen amablemente me informou da existencia do poema.

#### 4.1. O NACEMENTO (1961-1964)

A festa de Catoira está ligada de xeito directo cun grupo cultural das Rías Baixas, o Ateneo do Ullán. Tratábase dunha agrupación de carácter lúdico, cultural e artístico que reuniu numerosos intelectuais das comarcas da Ulla e do Salnés máis oriental. Velaí estaban figuras como Baldomero Isorna, Faustino Rey Romero ou Plácido Castro entre outros. Con este foro tamén tiveron relación figuras como Máximo Sar, Carlos García Bayón, Luis Bouza Brey, Xesús Ferro Couselo ou Camilo José Cela. O Ateneo tiña como local a cantina da estación, propiedade de Segundo Rodríguez. Foi este núcleo arredor dos presidentes deste foro, o avogado Baldomero Isorna e o excéntrico crego Faustino Rey Romero, quen deu á luz a Romaría Viquinga en 1961. É posible que a idea dun desembarco viquingo xa estivese presente nalgúns círculos en 1954 con motivo do Ano Santo compostelán (Vilar 2008).

Cómpre entendermos que a partir de finais da década de 1950 o réxime franquista iniciou certas dinámicas aperturistas orientadas ao turismo e ao uso da diplomacia cultural en Europa. Nestas novas estratexias figuras destacadas da cultura galega como Álvaro Cunqueiro ou Filgueira Valverde, entre outros, participarán a través de conferencias, eventos lúdicos, publicacións e certames, que precisan dun novo relato de Galicia e do territorio, actualizado aos tempos pero non discordantes co propio ámbito do réxime na altura. Este proceso intensificouse coa entrada de Manuel Fraga Iribarne no Ministerio de Información y Turismo en 1962 (Gago 2021). No ámbito galego, a dimensión histórica da cultura xogou un papel central, botando man da especial querenza dos intelectuais galegos que ficaran en Galicia tras a guerra civil polo pasado e a súa (re)elaboración como substancia identitaria do país.

Debemos ter tamén en conta que entre aquelas figuras do Ateneo do Ullán se atopaba un actor clave: Plácido Castro, posiblemente o galeguista cunha traxectoria máis enfocada na internacionalización de Galicia e da cultura e identidade galegas, e cunha maior experiencia no estranxeiro (Trillo e Lois 2016, p. 314). Castro fora educado nas Illas Británicas, apostaba pola proxección europea, estivo profundamente implicado durante a República nas iniciativas de visibilidade internacional do país e, tras a guerra civil, mantivo parte dos seus intereses a través da tradución literaria de grandes clásicos da literatura mundial (Ríos 2020). Ademais non só tiña unha perspectiva e un interese arredor do contacto de Galicia coas culturas atlánticas e do norte de Europa, senón que consideraba preciso construír este tipo de eventos. Nun artigo de prensa de 1962 sinala:

es particularmente aconsejable ofrecerle, en el mayor grado posible, lo *typical Galician* en el aspecto folklórico, la música, trajes, fiestas, romerías y acontecimientos como la fiesta del Albariño y otras similares, que ya existen o podrían organizarse [...] También tienen su atractivo —mayor, quizá para ellos que para nosotros— las leyendas y tradiciones, el romántico. Sin que hayamos de ser demasiado puritanos en cuanto a lo que en ello pudiera haber de artificial, siempre dentro de ciertos límites, puesto que lo realmente ‘vivo’ en el campo del folclore ya ha desaparecido, por desgracia, casi en todas partes. (Castro 1962)

Plácido Castro expón neste artigo de prensa unha visión arredor da festa e da celebración que encaixa á perfección co que comezara nas Torres de Oeste o ano anterior, e no que el participara de xeito directo. Nos arquivos da súa Fundación consérvase unha *Vikings Sang*, unha canción viquinga que el compuxo nun sueco arcaizante para a escenificación dos viquingos galegos. Aínda que o texto non está datado, con moita probabilidade debe ser posterior a 1965 polo que explicaremos máis adiante.

Ademais, os viquingos non eran alleos xa nese momento ao ámbito cultural no que se movían os membros do Ateneo do Ullán. Ramón Cabanillas en *Antifona da cantiga* (1951) xa lles dera salvoconduto literario para penetrar na ría de Arousa, revelando a mesma fascinación que Pondal polas palabras exóticas das linguas nórdicas, pero a diferenza do *Terra verde* estes viquingos xa non son rexeitados:

[...] as esguías cuaderñas e as quillas, firentes como espadas, dos rexoos viquingos ó mando de Olaf o santo, de Ulfo arriscado, do forzado Vang, de Jorsalafari pescador de tridente, protexidos das loiras valkirias cabalgadoras de nubes.

E por último, debemos engadir un elemento que vai ser central para a Romaría Viquinga. En 1958 estreouse en tecnicolor, cun enorme éxito, o filme *The Vikings*, dirixido por Richard Fleischer e protagonizado por Kirk Douglas e Tony Curtis. A película supuxo a entrada no imaxinario popular colectivo dos viquingos, que pasaban a ser extremadamente coñecidos a nivel mundial (Harty 2011; Acebes 2017). Esta conexión dos imaxinarios visuais que o audiovisual foi construíndo sobre a figura do viquingo é central na festa de Catoira, onde a caracterización dos invasores está estreitamente conectada coa visión e a estética que o entretemento popular foi asignando ao longo do tempo á figura do viquingo e do nórdico e

que se pode comprobar nas últimas edicións, onde a estética do bárbaro mudou con claridade cara aos modelos da serie *Vikings* de History Channel (Michael Hirst, 2013-2020).

A festa naceu como unha romaría nun lugar vizoso para as tardes do verán, a xunqueira das Torres: hai unha misa en memoria de Xelmírez, un xantar colectivo e discursos ao final; no segundo ano incorporaron un viquingo, que apareceu na súa lancha coroada de pólas, e que en realidade era un mariñeiro un tanto excéntrico chamado Pedro Montañés. Con el, o sacerdote Faustino Rey Romero escenificou unha *performance* na que o cura interpretaba o bispo Cresconio e Pedro Montañés, vestido de calzóns a cadros e unha espada de madeira, o viquingo Ulf. O argumento da obra convértese nunha suma entre o real e o imaxinado. Ulf *Galiciefarer*, Ulf o Galego, foi un personaxe histórico de orixe dinamarquesa nacido sobre o ano 1000. Está documentado na *Knytilinga Saga* —a historia do rei Canuto o Grande— e algúns autores (Sánchez Pardo 2010) consideran que a cronoloxía do seu ataque a Galicia corresponde co tempo do bispo Cresconio (1037-1066). A gran diferenza co relato orixinal está en que Rey Romero / Cresconio consegue converter a Ulf ao catolicismo. A partir dese momento, Ulf cooperou cos galegos en harmonía. Xa que logo, a festa de Catoira tendía ao equilibrio e á harmonía entre as partes, non a unha vitoria no sentido tradicional. Pero, como se pode observar, a representación que prepara Rey Romero encaixa á perfección co vello discurso que as fontes eclesiásticas viñan construíndo desde a Idade Media: os bispos como líderes da resistencia.

Nos seguintes anos, a Romaría seguiu o esquema habitual das celebracións festivas galegas do momento. A partir de finais dos 50 contan con convidados de gran prestixio cultural que exercen de pregoeiros e glosan as excelencias do territorio, a súa historia e os seus froitos comestibles. Entre as figuras que acoden, conservamos unhas fermosas fotografías de Otero Pedrayo (1967) botando un discurso ao pé das torres ou, en inusuais fotos, divertíndose cun casco viquingo na cabeza acompañado de José María Castroviejo e outros amigos.

#### 4.2. A CONSOLIDACIÓN (1965-1990)

A partir do ano 1965 a empresa Cerámicas Domínguez del Noroeste (CEDONOSA) asume a organización da festa, tanto no económico coma na loxística. A festa adquire entón unha importante dimensión popular e comunitaria. O primeiro desembarco viquingo practícase no ano 1968, e

pártese do peirao de CEDONOSA, río abaixo. Algúns dos veciños lembran as dúbidas sobre como debían caracterizarse os viquingos, que foron resoltas a partir de cómics de *Hazañas Bélicas*, *El Jabato* ou *Capitán Trueno*.<sup>4</sup> Entre as décadas de 1950 e 1960 publicáranse diferentes álbums de aventuras sobre viquingos que se empregaron como referencia visual, reforzando esa converxencia novidosa en Galicia entre patrimonio cultural, historia, mito e a cultura global. Por primeira vez, o global e o local fusiónanse de xeito decidido nunha festa que nace claramente inspirada nas romarías máis tradicionais.

O primeiro barco empregado para o desembarco foi un areeiro dos que traballaban no esteiro do río Ulla, en plena efervescencia da construción na costa galega. Curiosamente, fora un deses barcos areeiros do Ulla o que localizou as espadas da Idade do Bronce depositadas ritualmente no río, nun tipo de uso simbólico moi estendido no Atlántico. O itinerario da embarcación foise definindo neses anos ata a traxectoria actual. Báixase un pouco no río ata os illotes das Lobeiras para despois remontar desde máis alá da vista dos expectantes asistentes, coma se se chegase do mar. Polo camiño o barco vai escoltado por numerosas pequenas embarcacións deportivas. O barco rodea o illote dos Ratos antes de desembarcar.

E un aspecto determinante ao que aludiamos ao principio do artigo ten que ver co momento do desembarco nas Torres de Oeste:

Nalgunha ocasión instalouse tamén un sistema de defensa para facer fronte aos viquingos e procurar que o combate fose máis vistoso. Pero esa montaxe contrastaba co desánimo dos participantes, que querían ser todos viquingos ou atacantes e ninguén procuraba defender as torres [...] Nesta representación o prestixioso é ser viquingo [...] a defensa do territorio víase como un castigo ou un desagradable paso. (Vilar 2008, pp. 311-312)

Esta atípica situación do ataque a unha fortaleza sen defensores continúa inalterada desde hai décadas, e fai pensar que é algo tan asimilado que mesmo resulta un paradoxo invisible.

Nesa fase de consolidación a festa fusionouse co modelo de celebración gastronómica que nos anos 60 e 70 eclosionaba por todo o país, a través da degustación de produtos típicos coma os mexillóns, o viño ou polbo en cifras masivas.<sup>5</sup> A Romaría Viquinga encaixa neste sentido cunha dinámica

4 Agradezo a referencia a César Rodríguez Carril.

5 Un exemplo na romaría de 1969: “en un solo día 8 000 kilos de mejillones; 5 000 sardinas cabezudas; 2 000 kilos de carne de ternera; 3 000 de pan; 2 000 de pulpo; 6 500 latas de conserva variadas; 3 000

que parte da Festa do Albariño, en Cambados, que foi a decana (1953), a Festa da Lamprea de Arbo (1961) e vai canda a do Xamón da Caniza (1966), a do Cocido de Lalín (1968) ou a do Salmón da Estrada (1974). A nova estratexia do réxime franquista favorece este tipo de celebracións. Aínda que temperán, é ilustrativa esta comunicación remitida por Ramón Otero Pedrayo a Camilo José Cela (28/X/1954):

Quise ir a Venezuela y no me dejó mi ministro. Veremos más adelante. En el fondo —aunque no lo diga— disfruto más dando una conferencia en La Estrada y El Carballiño con grandes y disparatadas cenas después.<sup>6</sup>

En perspectiva, estas celebracións gastronómicas supuxeron, desde un punto de vista simbólico, o nacemento de novos conceptos de identidade local que ían máis alá das celebracións parroquiais, tan marcadas polas festividades do calendario católico e os ritos de cohesión das pequenas comunidades. Na década dos 60, a medida que as parroquias perdían forza —económica, de capital humano, simbólica— en beneficio dos concellos cabeceiras de comarca, estas festas gastronómicas convertíanse en novos símbolos de identidade supraparroquial. Organizábanse máis alá do relixioso pero partían dos seus códigos de exaltación do local e da comensalidade colectiva, aparentemente igualitaria e refractaria á noción da gastronomía elitista. As festas gastronómicas son un preclaro indicador de como a sociedade rural estaba comezando unha transformación estrutural e novos axentes, políticas e espazos económicos entraban en xogo, promovidos e tamén facilitados desde o goberno franquista.

#### 4.3. A INSTITUCIONALIZACIÓN (1991-ACTUALIDADE)

A partir de 1991 o Concello de Catoira fíxose cargo da organización da Romaría Viquinga e comezou un proceso de institucionalización que se plasmou nunha maior achega ao rigor histórico, o establecemento de redes internacionais e a diversificación e prolongación da programación festiva. No primeiro ámbito, realizáronse réplicas de barcos viquingos orixinais.

---

empanadas; 20 000 rosquillas; 15 000 litros de vinos del Ribeiro y país y 500 litros de quemada y aguardiente” (Piñeiro Ares 1969).

6 Carta de Ramón Otero Pedrayo a Camilo José Cela (28 de outubro de 1954). Arquivo da Fundación pública galega Camilo José Cela. *Proxecto Epistola*. Consello da Cultura Galega. Dispoñible en [https://consellodacultura.gal/fondos\\_documentais/epistolarios/epistola.php?id=85773&epistolario=10415](https://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistola.php?id=85773&epistolario=10415)

En 1993 construíuse o *drakkar Torres de Oeste*, para o cal un grupo de artesáns galegos viaxaron a Dinamarca para coñecer no Vikingskibsmuseet o *Skudelev 5*; o segundo *drakkar*, o *Frederikssund*, adaptouse a partir dun barco atopado en Noruega e incorpora deseños decorativos da nave *Oseberg*. A réplica máis recente da flota de Catoira, realizado en poliéster, foi fabricada en Ardglass (Irlanda do Norte) aínda que a carpintería foi feita en Galicia.

O establecemento de redes internacionais significou o irmandamento de Catoira con localidades dinamarquesas como *Frederikssund* ou británicas como *Watchet*. Na actualidade, Catoira está integrada na rede DVA *Follow the Vikings* que involucra sesenta socios de dezaseis países. Deses contactos con estas localidades, especialmente *Frederikssund*, importáronse formatos como o teatro comunitario, que reforzan e prolongan a programación da Romaría Viquinga; este teatro comunitario involucrou a veciñanza na creación do relato e permitiu abrir o campo a narracións máis diversificadas do pasado.

## 5. OS VIQUINGOS E A IDENTIDADE GALEGA CONTEMPORÁNEA

A Romaría Viquinga de Catoira converteuse nun interesante vector para coñecer a reinvención do pasado galego nas últimas décadas do século xx. Nun contexto de discusión académica arredor da celticidade de Galicia, os viquingos foron penetrando aos poucos no imaxinario dos galegos ao longo da segunda metade do século xx. Fixérono seguramente motivados pola abundancia de produtos de entretemento de masas: filmes, cómics, novelas, series de televisión. Pero a diferenza doutras ocasións, por primeira vez a propia documentación histórica galega e os seus vates tiñan fíos que vinculaban este espazo considerado periférico cos mesmos relatos de Hollywood que se vían nas películas dos domingos. Iso nunca pasara cos celtas, e case nin segue a pasar.

En certo xeito, os escandinavos funcionaron como uns novos celtas da Galicia da transición. Unha sociedade atlántica coa que pagaba a pena conectarse a través do seu prestixio, considerada en Galicia nos anos 70 e 80 como un modelo de progreso social, económico e político. Ao pensarmos en por que non hai galegos defendendo as Torres de Oeste, unha posibilidade é considerar que para moitos dos que participan, eses viquingos son en realidade os galegos.

Nos anos 70, Staffan Mörling, un etnógrafo sueco, establécese na illa de Ons e estuda as embarcacións tradicionais das rías galegas, considerando as

dornas como inspiradas nos vellos *drakkars* viquingos (Mörling 2000). As súas hipóteses escandinavas —hoxe discutidas— estendéronse con rapidez por todas as Rías Baixas e incorporáronse ao discurso das elites cultas das vilas da costa, ao dos activistas da recuperación etnográfica do mar e, por suposto, aos propios relatos turísticos. A presenza dos viquingos nos anos 80 era moi relevante. Podémolo ver de xeito moi evidente na *Breve historia de Galicia* (Nono Art, 1984), un popular álbum de banda deseñada patrocinado por Caixa Galicia e prologado polo presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor. Ese álbum de banda deseñada quedou fixado no imaxinario da xeración de galegos nados a mediados dos anos 70, en plena efervescencia autonómica. A contracapa representaba un neno e unha nena lendo o mesmo álbum e, detrás deles, un conxunto de escenas medievais: un bispo, un guerreiro, un peregrino, un pórtico románico e no centro, rexendo o conxunto, un *drakkar* viquingo sucando as augas.

Eses relatos atoparon acubillo documental nos importantes traballos de Vicente Almazán, e en especial o seu *Gallaecia Scandinavica. Introducción ó estudio das relacións galaico-escandinavas durante a Idade Media* (1986). As numerosas fontes históricas presentadas por Almazán dotaron de textura esas relacións e engadíronlle unha riqueza humana e de escenarios moi pouco coñecidos en Galicia. Nin sequera se detiñan nas incursións altomedievais, senón que se prolongaban nas relacións baixomedievais e renacentistas arredor das rutas marítimas e as peregrinacións a Santiago de Compostela e a presenza do apóstolo ao longo do Atlántico.

Porén, a sociedade galega dos anos 70 ou 80 tiña moitos mitos onde escoiler. Os viquingos figuraron como un submundo que sempre se desenvolveu un pouco en canles alternativos aos grandes espazos da cultura galega formados a partir da Transición. E moitas veces fóra do propio discurso e interese académicos, aínda que na última década se rexistran avances e propostas para actualizar o coñecemento sobre o impacto dos viquingos e a súa incidencia no artellamento do poder no reino (Gago 2024).

Que a maior parte das narracións ficcionais sobre os viquingos estean creadas en banda deseñada é sintomático de que a narración sobre os viquingos en Galicia circula por canles laterais. Desde *Os viquingos en Galicia*, de Pepe Carreiro (A Nosa Terra, 1995), *Cresconio. A última batalla vikinga* (Romaría Vikinga, 2010), parcialmente n' *A Torre dos Mouros* (Proxecto Torre dos Mouros, 2015), ata *Ulf de Jakobsland*, de Alberto Varela Ferreiro (Xerais, 2018). Estes álbums son, en contraste coa escaseza de referencias na novelística en galego, un indicador de que algo sucede ao redor dos viquingos.

De feito, a literatura en lingua galega acolle poucas creacións ambientadas nesta época. Cómpre acudir a novelas escritas en castelán para atopar narracións ambientadas en territorio galego durante este tempo, como *Assur*, de Francisco Narla (Edhasa, 2020); *Lordemano*, de José Zoilo (Ediciones B, 2022); ou *La Dama de Jacobsland*, de Mercedes Santos (Edhasa, 2023). Non é doado explicar a falta de interese dos escritores galegos por este período histórico, pero ten un equivalente con outro tema de grande éxito: o Camiño de Santiago, no que tamén chama a atención a escaseza de propostas en lingua galega (Gago 2010). A elección dos pasados está intrinsecamente conectada cunha densa malla de relacións de poder, de ideoloxía e de simbolismo cultural.

Deste xeito, as festas de recreación histórica fan visible a estrutura interna do identitario do pasado de Galicia e sobre todo o rol pasivo ou activo que os propios galegos se asignan nel. É un campo de negociación simbólico que amosa fendas, contradicións por veces sorprendentes. Un exemplo esclarecedor témolo na xilografía de *Imaxes de Galicia* (1978) na que Luis Seoane representa o bispo Rosendo. Amósao vestido de guerreiro, botándose para atrás nunha loita corpo a corpo cun viquingo que está a punto de cravarlle no peito a súa espada (Seoane, 2010). Unha imaxe estraña de vencido, tendo en conta que as fontes accesibles no tempo de Seoane contaban xusto o contrario: como o bispo Rosendo e o conde Gonzalo derrotaran e mataran o líder viquingo Gunderedo e boa parte dos seus efectivos, e queimaran os seus barcos. Por que Seoane decidiu representar derrotado ao vitorioso? É innegable a conexión co xeito de tratar o conflito no pasado que observamos no deseño inicial da Romaría Viquinga de Catoira.

Curiosamente, unha festa viquinga de nova creación, a Romaxe Viquinga do Vicedo (Lugo), iniciada en 2017, inclúe na súa escenificación un papel activo e resistente dos galegos ao ataque dos nórdicos. A propia cartelaría fai énfase, a través de guerreiros enfrontados, nos dous participantes na contenda. A nova performatividade do Vicedo revela como os cambios culturais, os novos relatos e os contextos culturais transforman a propia narrativa da festa.

No caso das Torres de Oeste, no ano 1976 a pregoeira foi a coñecida xornalista Victoria Armesto. Se ben ao día seguinte publicou en *La Voz de Galicia* o pregón que pronunciara, uns días despois volveu ao tema presentando unha peza sobre o divertido nacemento da festa, unha irresistible historia de amizade, bromas e erudición. Sempre perspicaz, Armesto (1976) concluía: “sólo a los poetas se les puede ocurrir la idea de exaltar la gloria del enemigo”.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Acebes Lavín, Ricardo (2017). “Vikings”: *el otro lado del «otro»*. Tráballo de fin de grao. Universidad de Valladolid.
- Allen, W. E. D. (1960). *The poet and the spae-wife. An attempt to reconstruct al-Ghazal's embassy to the Vikings*. Kendal: Titus Wilson and Son.
- Almazán, Vicente (1986). *Gallaecia scandinavica. Introducción ó estudio das relacións galaico-escandinavas durante a Idade Media*. Vigo: Galaxia.
- Alonso González, Pablo e González Álvarez, David (2013). Construyendo el pasado, reproduciendo el presente: identidad y arqueología en las recreaciones históricas de indígenas contra romanos en el Noroeste de España. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. 68 (2), 305-330. DOI: 10.3989/rdtp.2013.02.013
- Alonso Romero, Fernando (2018). La navegación e itinerario del ejército normando de Gunderedo (968-969). En: Mário Jorge Barroca e Armando Coelho Ferreira da Silva, coords. *Mil anos da incursão normanda ao castelo de Vermoim*. Porto: Centro de Investigação Transdisciplinar Cultura, Espaço e Memória, 53-85.
- Armesto, Victoria (1976). Fiesta Vikinga. *La Voz de Galicia*. 5/VIII/1976.
- Beramendi, Justo (2007). *De provincia a nación: historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cabanillas, Ramón (1951). *Antífona da cantiga*. Vigo: Galaxia.
- Castro, Plácido (1962). Consideraciones sobre el turismo (III). *Faro de Vigo*. 14/IV/1962.
- Cerqueiro Landín, Román (2006). El celtismo en Galicia. Funcionalidad y estrategias de importación en el campo literario gallego. En: Salah Serour e Jesús Camarero Arribas, coords. *Literatura, cultura, transferencia: actas del III Seminario sobre el Diálogo Intercultural y la Literatura Comparada (Vitoria 8,9 y 10 de marzo 2005)*. Bilbao: El Faro, 241-262.
- Curto Agrados, Iván (2018). La Iglesia del occidente europeo frente a las incursiones vikingas de los siglos IX a XI. *Revista de Historia Militar*. I extraordinario de 2018, 269-300.
- Elías de Tejada, Francisco e Pércopo, Gabriela (1966). *El Reino de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Ellis, Caitlin (2021). Remembering the Vikings: Violence, institutional memory and the instruments of history. *History Compass*. 19 (1). DOI: 10.1111/hic3.12644
- Fernández Abella, David (2014). Agroxas, donde “os mouros facían o mercado”. *ArtyHum. Revista de Artes y Humanidades*. 10, 35-39.

- Fernández Pacios, Juan Ramón (2008). *San Gonzalo bispo mindoniense. Estudo histórico e apéndice documental*. Santiago de Compostela: S.A. Xestión do Xacobeo.
- Ferreiro, Manuel (2017). *Eduardo Pondal. Os cantos eran da Patria (120 poemas)*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.318
- Gago Mariño, Manuel (2010). O Camiño de Dan Brown. Os autores foráneos son maioría na recreación do imaxinario xacobeo como ficción literaria. *culturagalega.gal*. 14/VII/2010. Dispoñible en <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=17238>
- Gago Mariño, Manuel (2021). Plácido Castro, a cultura galega e a xénese da recuperación do Camiño de Santiago. *Fundación Plácido Castro*. 10/VII/2021. Dispoñible en <https://www.fundacionplacidocastro.com/a-fundacion/xxa-conferencia-anual-placido-castro-a-cultura-galega-e-a-xenese-da-recuperacion-do-camino-de-santiago-por-manuel-gago>
- Gago Mariño, Manuel (2023). Setting a new place for winter camps. An introduction. En: Charlotte Hendestierna-Jonson e Irene García Losquiño, eds. *Viking Camps. Case Studies and Comparisons*. London: Routledge.
- Gago Mariño, Manuel (2024). As narrativas sobre os viquingos na cultura contemporánea galega. En: Irene García-Losquiño, ed. *Unha vida viquinga. Catálogo da exposición*. Santiago de Compostela: Fundación Cidade da Cultura de Galicia, 276-285.
- García Losquiño, Irene (2019). Camps and Early Settlement in the Viking Diaspora: England, Ireland and the Case of Galicia. *SVMMA. Revista de Cultures Medievales*. 13, 37-55. Dispoñible en <https://raco.cat/index.php/SVMMA/article/view/362312>
- García Losquiño, Irene (2022). Viking mercenary activity in Galicia. *Journal of Medieval Iberian Studies*. 14 (3), 357-370. DOI: 10.1080/17546559.2022.2109712
- Gebhardt, Víctor (1864). *Historia general de España y de sus Indias desde los tiempos más remotos hasta nuestros días : tomada de las principales historias, crónicas y anales* (1861). Madrid; Barcelona: Librería de D. A. de San Martín; Librería de El Plus Ultra.
- González-Álvarez, David; Alonso-González, Pablo; e Rodríguez-Hernández, Jesús (2022). Historical Reenactments in Spain: A Critical Approach to Public Perceptions of the Iron Age and Roman Past. En: Mario Carretero, Brady Wagoner e Everardo Perez-Manjarrez, coord. *Historical Reenactment. New Ways of Experiencing History*. Nova York: Berghahn Books, 49-65.

- Harty, Kevin J. (2011). Introduction: “Save us, O Lord, from the Fury of the Northmen”; or “Do you know what’s in your wallet?”. En: *The Vikings on Film: Essays on Depictions of the Nordic Middle Ages*. Jefferson: McFarland.
- Historia Compostelana*. Madrid: Akal, 1994. Edición de Emma Falque.
- Izquierdo Díaz, Jorge Simón (2009). *Os viquingos en Galicia*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- López Ferreiro, Antonio (1899). *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Vol. 2. Santiago: Seminario Conciliar Central.
- Murguía, Manuel (1865). *Historia de Galicia*. Vol. I. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Murguía, Manuel (1888). *Galicia*. Barcelona: Establecimiento tipográfico-editorial de Daniel Cortezo y Cía.
- Mörling, Staffan (2000). *Lanchas e dornas. A estabilidade cultural e a morfoloxía das embarcacións na costa Occidental de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Naveiro López, Juan L. (2004). *Torres de Oeste. Monumento histórico e xacemento arqueolóxico*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Ollero de Landáburu, Gonzalo (2016). La huella arqueológica de los vikingos en la Península Ibérica. Análisis de las dos primeras oleadas del siglo IX. En: Lucía Avial-Chicharro e Rebeca Arranz Santos, eds. *I Jornadas de Jóvenes Investigadores en Arqueología*. Madrid: Asociación Jóvenes Investigadores en Arqueología. Excavemos, 277-317.
- Ordoño de Celanova (1990). *Vida y milagros de San Rosendo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Edición de Manuel C. Díaz y Díaz, María Virtudes Pardo Gómez e Daría Vilariño Pintos.
- Piay Augusto, Diego (2024). El yacimiento de ‘A Capela’ un eslabón en la historia de Catoira. En: Marc Bouzas e Lluís Palahí, eds. *From the Late Antiquity to the High Middle Ages: an archaeological vision = La Tardoantiquitat a l’alta Edat mitjana: una visió arqueològica*. Girona: Càtedra Roses d’Arqueologia i Patrimoni Arqueològic. Universitat de Girona.
- Piñeiro Ares, José (1969). La Romería Vikinga en las Torres de Oeste: mil años después, vuelve Ulfo el Gallego. *Chan: la revista de los gallegos*. 12, 23.
- Pires, Hélio Fernando Vitorino (2012). *Incursões nórdicas no Ocidente Ibérico (844-1147): Fontes, história e vestígios*. Tese de doutoramento. Universidade Nova de Lisboa.
- Pons-Sanz, Sarah M. (2004). Whom did Al-Ghaza-l meet? An exchange of embassies between the Arabs from Al-Andalus and the Vikings. *Saga-Book*. XXVIII, 5-28.

- Rey Castelao, Ofelia (2016). As historias de Galicia na Idade Moderna. En: Isidro Dubert, ed. *Historia das historias de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez González, Ángel (1984). *Las fortalezas de la Mitra compostelana y los "irmandiños": pleito Tabera-Fonseca*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Rodríguez González, Diego (2025). *As rimas populares de Galicia de Manuel Murguía: Edición e estudo dos materiais conservados*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.454
- Rioboo y Seijas, Antonio (1728). *La Barca mas prodigiosa : poema historial sagrado de la antigüedad invencion, y milagros de el celebre Santuario de N.S. de la Barca...* Santiago de Compostela: en la Imprenta de Andres Frayz.
- Ríos, Xulio (2020). Plácido Castro e o universalismo galeguista. En: Xulio Ríos, coord. *Vocacións e ideais de Plácido Castro*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 97-116. DOI: 10.17075/vipc.2020.006
- Rodríguez González, Ángel (1984). *Las fortalezas de la mitra compostelana y los "irmandiños"*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Sánchez Pardo, José Carlos (2010). Los ataques vikingos y su influencia en la Galicia de los siglos IX-XI. *Anuario Brigantino*. (33), 57-86.
- Seoane, Luis (2010). *Imaxes de Galicia. 72 xilografías orixinais*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Souto Cabo, José Antonio (2011). *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Íria*. Santiago de Compostela: Cabido da S. A. M. I. Catedral. Seminario de Estudos Galegos.
- Trillo Santamaría, Juan M. e Lois González, Rubén C. (2016). Comentario. La visión de Galicia de Plácido Castro: la interrelación entre la (geo) política interna y la externa. *Geopolítica(s). Revista de estudios sobre espacio y poder*. 7 (2), 309-317. DOI: 10.5209/GEOP.54220
- Vilar Álvarez, Manuel (2008). A romaría viquinga de Catoira. En: *Tempos de festa en Galicia II: Entre o Corpus e o mes de agosto*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 303-313.
- Viveiro Mogo, Prudencio (2009). Cando o pasado é futuro: historia e construción nacional na Galiza do século XIX. *Madrygal*. 12, 131-136.